

MOÇALOMIHI

Espertei co son dos sinos, os *blah*. De feito, sempre espertaba co son dos blah, o milleiro de pequenos sinos que había en cada templo de *Anix-Elah*, a Cidade Branca, das Terras de Alén do Deserto, ou *Enejro Omisquo´rop*. A Cidade Branca, ou a Cidade Deslumbrante, ou a Cidade da Luz, ou a Cidade dos Cen Templos, ou a Cidade dos Mil Pazos. Para min era a Cidade Branca, cos seus templos de grandes portas, enormes cúpulas de ouro ou marfín ou de mármore, coas paredes cubertas con mosaicos azuis, brancos, verdes, con cupuliñas coroando os alminares e templetes; cos grandes e extensos pazos de mármore branco cheos de patios, de xardíns, de estanques, de fontes, de pórticos, de columnas. Para min era a Cidade Branca e eu acababa de espertar por mor dos blah.

Abrín un ollo e vin no reloxo da mesa de noite que eran oito horas. Abrín o outro e ollei através das xelosías que un novo día se abría paso en *Anix-Elah*, a Cidade Branca, para min. Nunca esquecerei os amañeceres en *Anix-Elah*, co cheiro do millón de especias que había no bazar que tiña mesmo ao pé do edificio onde vivía naquela época, co cheiro do perfume de Aíghu, que aínda tardaba en desaparecer do piso un día enteiro após ela marchar para as barbas do seu home, como sempre eu lle dicía, para chuzala. Co cheiro a especias e as froumas dos piñeiros e das flores dos toxos, cando era tempo delas, e ao café tan rico que facía Alephe o Lupus, un cigano que prosperara en *Anix-Elah*, a Cidade dos Cen Templos, para os crentes. Nunca esquecerei eses ameñeceres, cheos de perfumes e de luz e de cores no ceo e de sons diferentes. Si, de sons. O chiar dos páxaros, de todas cores e tamaños, a voar dun lado para o outro, daquela póla a esta póla, daquel tellado a este tellado, desta antena a aquela. Sons do páxaros, orquesta, que aínda se ouvían claramente apesar do barullo de vida que comezaba a haber a esa hora en *Anix-Elah*. A esa hora o bazar estaba xa enchido de xente a mercar a vender e a trocar. As cafetarías para os miles de estranxeiros, co teu café co teu leite coa túa pastelaría, os *sauq-sat* para os millóns de xentes nativas, co seu chá a súa menta as súas torradas con mel con formigas rebozadas, os *fiuu-fiuu* para a cada vez máis numerosa xente de negocios, co seu almorzo-para-levar-canto-é-grazas-até-logo. A xente a ir a traballar, os *socich a´sotselze* ou lectores das leituras ou sacerdotes para nos entender aos templos, os nenos e nenas ás escolas ou ao taller ou co gando ou con aquel turista, a policia a dirixir o tráfico pór multas prender vagabundos, os militares a pasear coa metralleta apuntando ao chan e as tanquetas aparcadas nas esquinas. A Cidade Branca a espertar. Eu tamén, cos dous ollos abertos, sabendo que nunca me ía esquecer daqueles amañeceres en *Anix-Elah* ou Cidade dos Mil Pazos, para turistas e podentes.

Os blah pararon co seu repinicar. Quen teña o ouvido pouco fino ou o sono mui profundo apenas se deu de conta do repinicar dos blah. Eu si, que, alén de seren oito horas a hora de me erguer, sempre tiven un mui bo ouvido. Daí a pouco escuitaríase a un dos *socich*, o *joda´jo socich´a* ou leitor que canta. Cantará os versos de rigor, *E edarh´e somneh edha jedzedajha´elhe eche` obom aid Odjena´Ro* ou “El é grande e temos que agradecerlle este novo día coa Primeira Oración”, cunha voz forte, mais fermosa e calma, que me acompañará nese día cando me estea a barbear ao tempo que Aíghu se ducha. A verdade é que, agora que lembro, eu e Aíghu nunca nos duchamos xuntos. Pola contra, sempre gostaba de ver através do espello do baño como lavaba o seu corpo moreno, difuminado polo cristal do anteparo, mentres eu me barbeaba. E así, xusto cando Aíghu se metía na bañeira e eu estendía a crema de barbear polo rosto, o *joda´jo* comezaba co seu *E edarh´e somneh...* Tamén, nese preciso momento, comezaba o *ahdafidzni*, mais eu non o sabía, claro.